

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027885	IES Lamas de Castelo	Carnota	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Educación plástica, visual e audiovisual	3º ESO	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	11
4.2. Materiais e recursos didácticos	11
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	12
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	12
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	13
6. Medidas de atención á diversidade	14
7.1. Concreción dos elementos transversais	14
7.2. Actividades complementarias	15
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	16
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	16
9. Outros apartados	17

1. Introducción

O debuxo constitúe a forma máis antiga de comunicación intencional humana que trascende no tempo. A comunicación visual, así como a expresión e interpretación artísticas, son aspectos clave da experiencia da nosa especie. Se ben son destrezas en certa medida innatas, no mundo actual no que nos rodean centos imaxes con obxectivos drasticamente diferentes é importante ser capaz de analízalas criticamente e participar a nivel persoal nesta linguaxe. Resulta tamén un medio intuitivo no cal explorar e desenvolver a creatividade, e fomentar a apreciación polo traballo propio e alleo. Co obxectivo de desenvolver estas destrezas no alumnado dispoñemos de esta materia: Educación Plástica Visual e Audiovisual.

Este documento constitúe a programación didáctica de Educación Plástica, Visual e Audiovisual de 3º de ESO para o ano académico 2023/24, que será impartida no IES Lamas de Castelo.

O IES Lamas de Castelo está situado no concello de Carnota, o cal está situado no extremo occidental da provincia da Coruña, bordeando a costa atlántica e os concellos de Muros, Dumbría e Mazaricos. A poboación do concello de Carnota é lixeiramente inferior a 4000 habitantes repartidos en 5 parroquias (Lariño, Lira, Carnota, San Mamede e O Pindo) cunha superficie total de 66,4 quilómetros cadrados. Neste centro soamente se imparte a Educación Secundaria Obrigatoria, comezando a funcionar no ano 1998 e iniciándose en 1999 as clases no edificio actual, que depende da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Comunidade Autónoma de Galicia.

O alumnado do IES Lamas de Castelo procede, na súa maioría, de dous centros educativos: CEIP do Pindo e o CEIP de Carnota. Desde o curso 2016/17, o IES Lamas de Castelo está adscrito ao IES Plurilingüe Fontexería, de Muros. Outros centros que reciben o noso alumnado cando rematan a ESO son o IES Agra de Raíces e o IES Fernando Blanco, os dous en Cee.

O IES Lamas de Castelo conta durante este curso 2023/24 con 68 estudantes e 17 docentes. A materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual de 3º de ESO organízase nun grupo de 21 alumnas/os e será impartida por Jaime Llovo Olmedo, xefe dos departamentos unipersoais de Bioloxía e Xeoloxía e Educación Plástica, Visual e Audiovisual.

A materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual en 3º de ESO é unha materia troncal obrigatoria que conta con 2 sesións á semana e que se imparte en castelán.

Esta programación didáctica está redactada tendo en conta o seguinte marco lexislativo:

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE)
- Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOMLOE)
- Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Orde do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato.
- Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.
- Orde do 16 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Resolución do 6 de xuño de 2023, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2023/24.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender a importancia que tiveron no desenvolvemento do ser humano algúns exemplos seleccionados das distintas manifestacións culturais e artísticas, amosando interese polo patrimonio como parte da propia cultura, para entender como se converten no testemuño dos valores e das convicións de cada persoa e da sociedade no seu conxunto, e para recoñecer a necesidade da súa protección e da súa conservación.	1	3			1-3	1-2		1
OBX2 - Explicar as producións plásticas, visuais e audiovisuais propias, comparándoas coas dos seus iguais e con algunhas das que conforman o patrimonio cultural e artístico, xustificando as opinións e tendo en conta o progreso desde a intención ata a realización, para valorar o intercambio, as experiencias compartidas e o diálogo intercultural, así como para superar estereotipos.	1				1-3	1-3		1-3
OBX3 - Analizar diferentes propostas plásticas, visuais e audiovisuais, amosando respecto e desenvolvendo a capacidade de observación e interiorización da experiencia e da satisfacción estética, para enriquecer a cultura artística individual e alimentar o imaxinario propio.	1-2			1	4	1-3		2
OBX4 - Explorar as técnicas, as linguaxes e as intencións de diferentes producións culturais e artísticas, analizando, de forma aberta e respectuosa tanto o proceso como o produto final, a súa recepción e o seu contexto, para descubrir as posibilidades que ofrecen como fonte xeradora de ideas e respostas.	2	3		1-2	3	3		2
OBX5 - Realizar producións artísticas individuais ou colectivas con creatividade e imaxinación, seleccionando e aplicando ferramentas, técnicas e soportes en función da intencionalidade, para expresar a visión do mundo, as emocións e os sentimentos propios, así como para mellorar a capacidade de comunicación e desenvolver a reflexión crítica e a autoconfianza.	2				1-3-4	3		3-4
OBX6 - Apropiarse das referencias culturais e artísticas da contorna, identificando as súas singularidades, para enriquecer as creacións propias e desenvolver a identidade persoal, cultural e social.	2			1	3	1		3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX7 - Aplicar as técnicas, os recursos e as convencións principais das linguaxes artísticas, incorporando de forma creativa as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías, para as integrar e enriquecer o deseño e a realización dun proxecto artístico.	2-3		3	1-5		1-3		4
OBX8 - Compartir producións e manifestacións artísticas, adaptando o proxecto á intención e ás características do público destinatario, para valorar distintas oportunidades de desenvolvemento persoal.	1		2-3	3	3-5		3	4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Liñas, cores e recortes.	Repaso dos elementos básicos da imaxe. Debuxo técnico: Repaso de rectas, ángulos e segmentos e profundización na xeometría. Estudo da textura, volume e descomposición das figuras en formas xeométricas con bodegóns en técnica seca grafito. Collage físico e dixital. Repaso das propiedades básicas da cor e estudo do impresionismo vinculado a Sorolla.	34	24	X		
2	Lendo as imaxes: deseño gráfico.	Estudo da percepción visual: Leis da Gestalt. Análise do uso do equilibrio, proporción e ritmo na obra de Goya e Piet Mondrian. Estudo respectivamente do contexto e características plásticas das obras do movemento rococó e romántico e das vangardas. A cor no deseño gráfico: valor, saturación e tono. Contraste na composición. Aplicación do aprendido na edición dixital do fanzine 'Anacos', incluíndo obras realizadas polo alumnado de 1º ESO e voluntarios de outros cursos.	33	23		X	
3	Movemento, perspectiva e cartón.	Arte secuencial. Estudo das características do medio audiovisual co cine e a	33	23			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Movemento, perspectiva e cartón.	animación. Análise de videos musicais. Realización de gifs animados en GIMP. Debuxo técnico: Repaso das bases do diédrico e introducción ao traballo en perspectiva isométrica. Importancia do isométrico na industria dos videoxogos. Traballo en 3 dimensións. Valoración de artistas contemporáneos e realización de obras con cartón. Reflexión en retrospectiva sobre o proceso creativo en operacións plásticas. Proxecto de investigación final sobre a evolución artística na historia galega.	33	23			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Liñas, cores e recortes.	24

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Analizar diversas producións artísticas e culturais, incluídas as propias e as dos seus iguais, desenvolvendo con interese unha ollada estética cara ao mundo e respectando a diversidade das expresións culturais.	Analizar dun xeito sinxelo as producións propias e alleas desde unha mirada estética respectando a diversidade cultural.	TI	100
CA1.4 - Seleccionar e describir propostas plásticas, visuais e audiovisuais de diversos tipos e épocas, analízalas con curiosidade e respecto desde unha perspectiva de xénero, e incorporalas á súa cultura persoal e o seu imaxinario propio.	Coñecer diversas proposas plásticas significativas e analízalas para incorporalas ao imaxinario propio desde unha perspectiva de xénero.		
CA2.1 - Analizar de xeito guiado as especificidades das linguaxes de diferentes producións culturais e artísticas, establecendo conexións entre elas, e incorporalas con creatividade nas producións propias.	Analizar, de xeito guiado, as características principais dos distintos tipos de linguaxes das diferentes producións artísticas, establecendo conexións entre elas e incorporándoas as producións propias.		
CA2.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.	Expresar minimamente ideas e sentimentos, a través da experimentación coas distintas técnicas, desenvolvendo certa capacidade de comunicación e reflexión crítica.		
CA3.1 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes artísticas, así como os seus procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	Diferenciar, mínimamente, as características das distintas técnicas e linguaxes artísticas, así como os seus procedementos en relación ao resultado buscado, analizando o procedemento con interese.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.	Expresar minimamente ideas e sentimentos, a través da experimentación coas distintas técnicas, desenvolvendo certa capacidade de comunicación e reflexión crítica.		
CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar, e valorando as oportunidades de desenvolvemento persoal que ofrecen.	Saber expoñer, dun xeito sinxelo, o proceso de elaboración propio, recoñecendo os erros e as posibilidades de mellora, valorando as posibilidades que a normalización ofrece de desenvolvemento persoal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Os xéneros artísticos. - Manifestacións culturais e artísticas clave ao longo da historia, incluídas as contemporáneas e as pertencentes ao patrimonio local: análise dos seus aspectos formais e do seu contexto histórico. Particularidades do patrimonio artístico galego. - As formas xeométricas na arte e na contorna: xeometría na natureza, a arquitectura e o deseño de obxectos cotiáns. - Posibilidades expresivas e comunicativas dos elementos visuais: elementos básicos, forma, cor e textura. - Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en dúas dimensións. Técnicas secas e húmidas. O seu uso na arte e as súas características expresivas. - Factores e etapas do proceso creativo. Elección de materiais e técnicas, realización. O esbozo.

UD	Título da UD	Duración
2	Lendo as imaxes: deseño gráfico.	23

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer os factores históricos e sociais que rodean as producións plásticas, visuais e audiovisuais máis relevantes, así como a súa función e a súa finalidade, e describir as súas particularidades e o seu papel como transmisoras de conceptos, valores e convicións, con interese e respecto, desde unha perspectiva de xénero.	Ser quen de recoñecer minimamente os factores que condicionan as distintas producións plásticas así como a súa función desde unha perspectiva de xénero, con curiosidade e respecto.		
CA1.3 - Analizar diversas producións artísticas e culturais, incluídas as propias e as dos seus iguais, desenvolvendo con interese unha ollada estética cara ao mundo e respectando a diversidade das expresións culturais.	Analizar dun xeito sinxelo as producións propias e alleas desde unha mirada estética respectando a diversidade cultural.	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Seleccionar e describir propostas plásticas, visuais e audiovisuais de diversos tipos e épocas, analizalas con curiosidade e respecto desde unha perspectiva de xénero, e incorporalas á súa cultura persoal e o seu imaxinario propio.	Coñecer diversas propostas plásticas significativas e analizalas para incorporalas ao imaxinario propio desde unha perspectiva de xénero.		
CA1.6 - Explicar a súa pertenza a un contexto cultural concreto, a través da análise dos aspectos formais e dos factores sociais que determinan diversas producións culturais e artísticas actuais.	Recoñecer, dun xeito básico, a pertenza dunha obra de arte a un contexto cultural e histórico concreto a través da análise da configuración formal e dos factores sociais que a condicionan.		
CA2.1 - Analizar de xeito guiado as especificidades das linguaxes de diferentes producións culturais e artísticas, establecendo conexións entre elas, e incorporalas con creatividade nas producións propias.	Analizar, de xeito guiado, as características principais dos distintos tipos de linguaxes das diferentes producións artísticas, establecendo conexións entre elas e incorporándoas as producións propias.		
CA2.3 - Explicar, de forma razoada, a importancia do proceso que media entre a realidade, o imaxinario e a produción, superando estereotipos e amosando un comportamento respectuoso coa diversidade cultural.	Explicar o proceso de produción, superando estereotipos, cunha actitude respectuosa coa diversidade cultural.		
CA2.4 - Realizar un proxecto gráfico-plástico, con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas.	Realizar un pequeno proxecto gráfico-plástico, con certa iniciativa e creatividade, experimentando coas técnicas na xeración de mensaxes propias, axustándose ao solicitado.		
CA3.1 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes artísticas, así como os seus procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	Diferenciar, mínimamente, as características das distintas técnicas e linguaxes artísticas, así como os seus procedementos en relación ao resultado buscado, analizando o procedemento con interese.		
CA3.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.	Expresar mínimamente ideas e sentimentos, a través da experimentación coas distintas técnicas, desenvolvendo certa capacidade de comunicación e reflexión crítica.		
CA3.3 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias, amosando unha visión persoal.	Saber utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias amosando unha visión persoal.		
CA3.4 - Realizar un proxecto artístico, con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas de creación gráfico-plástica.	Ser quen de realizar un pequeno proxecto gráfico-plástico, axustándose ao obxectivo proposto, amosando iniciativa no emprego da linguaxe, materiais, soportes e ferramentas gráfico-plásticas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar, e valorando as oportunidades de desenvolvemento persoal que ofrecen.	Saber expoñer, dun xeito sinxelo, o proceso de elaboración propio, recoñecendo os erros e as posibilidades de mellora, valorando as posibilidades que a normalización ofrece de desenvolvemento persoal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Os xéneros artísticos. - Manifestacións culturais e artísticas clave ao longo da historia, incluídas as contemporáneas e as pertencentes ao patrimonio local: análise dos seus aspectos formais e do seu contexto histórico. Particularidades do patrimonio artístico galego. - A percepción visual. Introducción aos principios perceptivos, elementos e factores. - A composición. Conceptos de equilibrio, proporción e ritmo aplicados á organización de formas no plano e no espazo. - Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en dúas dimensións. Técnicas secas e húmidas. O seu uso na arte e as súas características expresivas. - Factores e etapas do proceso creativo. Elección de materiais e técnicas, realización. O esbozo.

UD	Título da UD	Duración
3	Movemento, perspectiva e cartón.	23

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Valorar a importancia da conservación do patrimonio cultural e artístico universal e galego a través do coñecemento e a análise guiada de obras de arte.	Valorar a importancia do patrimonio galego a través do coñecemento de obras de arte e a súa conservación.		
CA1.4 - Seleccionar e describir propostas plásticas, visuais e audiovisuais de diversos tipos e épocas, analízalas con curiosidade e respecto desde unha perspectiva de xénero, e incorporalas á súa cultura persoal e o seu imaxinario propio.	Coñecer diversas propostas plásticas significativas e analízalas para incorporalas ao imaxinario propio desde unha perspectiva de xénero.		
CA1.5 - Argumentar a satisfacción producida pola recepción da arte en todas as súas formas e vertentes, compartindo con respecto impresións e emocións, e expresar a opinión persoal de forma aberta.	Saber expresar minimamente, dun xeito aberto e respectuoso, as emocións e a satisfacción que emanan da percepción dunha obra de arte.	TI	100
CA1.6 - Explicar a súa pertenza a un contexto cultural concreto, a través da análise dos aspectos formais e dos factores sociais que determinan diversas producións culturais e artísticas actuais.	Recoñecer, dun xeito básico, a pertenza dunha obra de arte a un contexto cultural e histórico concreto a través da análise da configuración formal e dos factores sociais que a condicionan.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias, amosando unha visión persoal.	Saber utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias amosando unha visión persoal.		
CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar, e valorando as oportunidades de desenvolvemento persoal que ofrecen.	Saber expoñer, dun xeito sinxelo, o proceso de elaboración propio, recoñecendo os erros e as posibilidades de mellora, valorando as posibilidades que a normalización ofrece de desenvolvemento persoal.		
CA4.1 - Analizar de xeito guiado diversas producións visuais e audiovisuais, incluídas as propias e as dos seus iguais, desenvolvendo con interese unha ollada estética cara ao mundo e respectando a diversidade das expresións culturais.	Analizar, de xeito guiado, as características principais dos distintos tipos de linguaxes das diferentes producións artísticas, establecendo conexións entre elas e incorporándoas as producións propias.		
CA4.2 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes visuais e audiovisuais, así como os seus procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	Diferenciar, minimamente, as características das distintas técnicas audiovisuais e as súas linguaxes, así como os seus procedementos en relación ao resultado buscado, analizando o procedemento con interese.		
CA4.3 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións audiovisuais propias, amosando unha visión persoal.	Saber utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias amosando unha visión persoal.		
CA4.4 - Realizar un proxecto audiovisual con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais ou audiovisuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas.	Realizar un pequeno proxecto gráfico-plástico, con certa iniciativa e creatividade, experimentando coas técnicas na xeración de mensaxes propias, axustándose ao solicitado.		
CA4.5 - Recoñecer os diferentes usos e as funcións das producións e das manifestacións visuais e audiovisuais, e argumentar de forma individual ou colectiva as súas conclusións acerca das oportunidades que poden xerar, cunha actitude aberta e con interese por coñecer a súa importancia na sociedade.	Recoñecer os diferentes usos que pode ter as producións audiovisuais e saber argumentar cun mínimo de reflexión sobre as posibilidades que poden xerar estas, cunha actitude aberta, e amosando interese por coñecer a súa importancia na nosa sociedade.		
CA4.6 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións audiovisuais, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, buscando as solucións e as estratexias máis adecuadas para melloralas, e valorando as oportunidades de desenvolvemento persoal que ofrecen.	Saber expoñer, dun xeito sinxelo, o proceso de elaboración propio, recoñecendo os erros e as posibilidades de mellora, valorando as posibilidades que a normalización ofrece de desenvolvemento persoal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Os xéneros artísticos.

Contidos

- Manifestacións culturais e artísticas clave ao longo da historia, incluídas as contemporáneas e as pertencentes ao patrimonio local: análise dos seus aspectos formais e do seu contexto histórico. Particularidades do patrimonio artístico galego.
- Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en tres dimensións. O seu uso na arte e as súas características expresivas.
- O proceso creativo a través de operacións plásticas: manipular, reproducir, illar, transformar e asociar.
- Introducción aos sistemas de representación. Sistema diédrico: vistas. O esbozo isométrico.
- Factores e etapas do proceso creativo. Elección de materiais e técnicas, realización. O esbozo.
- Imaxes visuais e audiovisuais: lectura e análise.
- Imaxe en movemento. Características, orixe e evolución. O cine e a animación.
- Técnicas básicas para a realización de producións audiovisuais sinxelas, de xeito individual ou en grupo. Experimentación en contornas virtuais de aprendizaxe.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Neste curso a materia de Educación Plástica Visual e Audiovisual de 3º de ESO seguirá a seguinte metodoloxía: Aplicarase unha metodoloxía activa, onde se introducirá cada sección dos contidos cunha breve explicación teórica seguida de unha ou varias actividades nas que os discentes teñan a oportunidade de experimentar de primeira mano co estudado. En xeral seguiremos un enfoque de aprendizaxe baseado en proxectos, permitindo aos discentes adoptar un enfoque persoal no seu traballo dentro dunhas directrices. De esta maneira, en cada avaliación atoparemos actividades curtas máis técnicas entreveradas con proxectos de varias sesión nas que as alumnas e alumnos podan aprender coa práctica. Así mesmo incluiremos actividades de análise de obras de interese histórico, así como de auto e coavaliación poñendo énfase na importancia da crítica construtiva. Fomentárase con esta metodoloxía a autonomía, a creatividade, a capacidade expresiva e de aprendizaxe.

En xeral non se mandarán tarefas obrigatorias para casa, máis de non rematar unha actividade no tempo proporcionado na aula deberá facerse no tempo libre da/o alumna/o.

Cabe mencionar que dado que neste centro se dispón de ordenadores para todos os alumnos (edixgal) o manexo das novas tecnoloxías por parte do alumnado potenciarase en gran medida, traballando en esta e en todas as materias na familiarización dos discentes coas tecnoloxías da información e a comunicación. Intentaremos ademáis, achegar os contidos á realidade próxima do alumnado, mediante exemplos relacionados coa vida cotiá e a produción artística galega.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Mobiliario axeitado para un taller artístico escolar: vertedoiro e billas, mesas amplas, andeis para gardar materiais e expoñer traballos e poder comentalos.
Ordenador con conexión a internet e proxector con pantalla.
Ordenadores persoales con conexión a internet e acceso á plataforma edixgal, onde disporán dos contidos a traballar na aula.
Block de debuxo.
Acceso ao catalogo da biblioteca: libros de arte, tanto de temas técnicos, como catálogos de artistas, movementos artísticos, etc.

Recursos de internet como páxinas web de museos, salas de exposicións, blogs de arte, etc.

Materiao do alumno: compás, escuadra, cartabón, regra, lapis de debuxo, lapis de cores, rotuladores, acuarelas, pinceis

Materiais artísticos da aula: pinceis, espátulas, acrílicos, pigmentos, papel, cartulinas, materiais para collage, adhesivos, etc.

A materia impartirase nunha aula taller con espazos diferenciados, na que se poden realizar tanto traballos prácticos, atender ás explicacións do profesorado, como compartir información co resto do alumnado, traballar en equipo, etc. O alumnado deberá aportar material propio, aínda que na aula poderá estar dispoñible algúns deste material para uso do alumnado, de ser necesario:

- Papel para debuxo e técnicas húmidas.
- Tesoiras.
- Lapis de cores.
- Ceras brandas.
- Pinceis de diferentes características

O material de cada alumno poderá ser deixado na aula de plástica, recollido sempre ao final de cada sesión dentro dunha caixa persoal colocada nun lugar designado.

Incentivarase no alumnado o uso de materiais reutilizados e de refugallo: distintos tipos de papeis usados, materiais procedentes do uso cotiá, etc. Poderán ser aportados polo alumnado, así como contar con eles na aula.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A proba de avaliación inicial lévase a cabo entre os meses de setembro e outubro. Trátase dunha proba escrita na que se preguntan cuestións aprendidas en cursos anteriores e que se volven a tratar no presente curso. As actividades incluídas desta proba poden ser de debuxo técnico, exploración creativa, teoría e análise artística.

Preténdese coñecer o nivel de partida do alumnado, así como teren unha referencia do seu nivel de comprensión lectora, análise artístico e expresión gráfica e escrita. Esta proba non se terá en conta para a cualificación. Ademais, coa información recollida na avaliación inicial, establecerase o nivel de partida dos alumnos e proporanse (de ser necesario) na reunión de avaliación inicial, as medidas de atención á diversidade precisas.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	34	33	33	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

A cualificación de cada trimestre será o resultado da suma ponderada das cualificacións obtidas polo alumnado nos seguintes apartados:.

a) Producción do alumnado: Peso do 80% na nota final do trimestre. Avaliación das producións de diferente natureza

realizadas. De esta forma se analizará o grado de consecución dos obxectivos de cada actividade. Inclúranse en este apartado tamén as probas escritas de debuxo técnico, de realizarse na avaliación a considerar, con un peso equivalente ao dun proxecto de aula. Como instrumento de avaliación empregárase unha escala de estimación coas seguintes notas: NON REALIZADA (X) - INSUFICIENTE (I) - SUFICIENTE (S) - BEN (B) e MOI BEN (MB). Á hora de cuantificalas empregaremos a seguinte táboa de valores: NON REALIZADA- equivale a 0, MAL- equivale a 2.5, SUFICIENTE- equivale a 5, BEN- a 7.5 e MOI BEN- a 10. De forma excepcional pode engadirse un modificador de + ou -, que engadirá ou substraerá 1 punto da cualificación da tarefa. O profesor fará as apreciacións oportunas en clase para que o alumnado saiba o porqué da súa cualificación obtida na resposta. A nota deste apartado será á media aritmética das cualificacións obtidas e será un valor comprendido entre 0 e 10 puntos.

b) Observación na aula: Peso do 20% na nota final do trimestre. Valorárase a implicación do alumno na materia tendo en conta como indicadores de logro: realización diaria das actividades na aula, interese amosado e participación en actividades interactivas, coidado do material propio e alleo, respecto e apoio aos compañeiros durante as sesións e respecto das datas e condicións de entrega de proxectos. Empregaremos como instrumento de avaliación unha lista de control con tres valores: NON-SI. Corresponderán respectivamente a puntuacións de 0 e 10, que se sumarán durante cada avaliación ata acadar un máximo de 100 ao rematar (equivalente a 2 puntos na nota da avaliación correspondente).

A avaliación estará aprobada cando o alumnado obteña unha nota (calculada de acordo ao especificado neste apartado) igual ou superior ao 5. O redondeo de decimais realizarase ao número enteiro máis próximo e no caso de equidistancia ao superior, tal e como establece a normativa educativa para cálculos de nota media.

A nota final calcularase como a media aritmética das tres avaliacións tendo en conta ata as centésimas e redondeando á alza. Se este valor é igual ou superior a 5, poderá sumarselle ata 1 punto adicional, obtido mediante un proxecto artístico voluntario acordado entre o docente e a/o alumna/o para realizar durante todo o curso escolar.

Unha conduta de engano e suplantación de coñecemento por calquera medio na realización das actividades/proxectos de avaliación de clase suporá a anulación das seccións da proba ou proxecto afectadas, podendo chegar a ser un 0.

Criterios de recuperación:

O alumnado terá polo menos unha oportunidade por avaliación para recuperar os criterios de avaliación (CA) non superados. Os procedementos utilizados poderán ser distintos dos utilizados previamente para o CA a recuperar. Unha vez superado o CA, substitúese a súa cualificación na táboa de CA avaliados obtendo así a nova nota.

Antes do día 10 de xuño, en base ás cualificacións obtidas ata ese momento, realizarase unha aproximación da nota da terceira avaliación e da avaliación final para informar ao alumnado dos CA non superados e garantirlle a posibilidade de recuperalos. Deste xeito, estes estudantes poderán utilizar as restantes sesións lectivas para estudar, repasar, facer exercicios, resolver dúbidas e realizar unha proba escrita final de recuperación nas datas 18, 19 ou 20 de xuño. A cualificación obtida nesta proba escrita substituirá a que acadara previamente nos CA avaliados. Neste período, o alumnado que non teña que recuperar ningún CA realizará actividades de ampliación que formarán parte da cualificación da terceira avaliación, tratando contidos que non dera tempo a estudar durante o curso de darse o caso.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Para os alumnos que pasaran de curso coa materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual de 3º de ESO pendente realizarase un seguimento dende setembro/outubro, proporcionándolles unha lista de proxectos a realizar nos que se traballen os contidos pertinentes. Estes proxectos serán entregados na semana establecida polo centro para a realización dos primeiros parciais de recuperación de pendentes, consituíndo a forma de avaliación de este parcial.

Repetirase o mesmo proceso a partir de xaneiro/febreiro, realizando a entrega da segunda lista de proxectos na semana definida polo centro para tal fin.

Considérase aprobado aquel alumno/a que obteña unha nota igual ou superior a 5 na media aritmética das cualificacións dos proxectos dos dous parciais. O redondeo de decimais realizarase ao número enteiro máis próximo e no caso de equidistancia ao superior, tal e como establece a normativa educativa para cálculos de nota media.

De non superar a materia pendente nestes prazos, os discentes dispondrán dunha última oportunidade en forma do exame final de pendentes, realizado na semana designada polo centro. En caso de obter unha nota numérica de 5 ou máis nesta proba considerarase a materia superada.

6. Medidas de atención á diversidade

Defínese diversidade coma unha realidade social derivada da singularidade biolóxica, psicolóxica, social e cultural de cada alumna e alumno. Así atoparemos en cada aula estudantes con diferentes estilos de aprendizaxe, ritmos, intereses, motivacións, niveis socioculturais, etc.

Para adaptarnos a esta diversidade e garantir a todo o alumnado as mesmas oportunidades para desenvolverse, buscamos en todas as unidades didácticas heteroxeneidade metodolóxica, o uso de recursos e materiais de diferente tipo e flexibilidade nos tempos, tratando de traballar os diferentes elementos curriculares de diversas formas e a distintos niveis. Así mesmo aplicaranse as medidas de atención recollidas no Plan anual de atención á diversidade. Sempre que se detecten alumnos/as necesidades especiais, deseñaranse actividades de reforzo centradas en mellorar algúns dos seguintes aspectos: habilidades sociais e comunicativas, a autoestima, a atención ou a comprensión lectora.

No caso de observar dificultades durante a aprendizaxe en algún discente dispoñemos de medidas ordinarias para acomodarnos ás súas necesidades. Algúns exemplos poden ser: a adaptación do material didáctico, a modificación da metodoloxía ou dos tempos, a proposta de actividades diferenciadas, a organización de grupos de traballo flexibles ou a aplicación de actividades de reforzo que permitan traballar o contido de formas alternativas. Tamén se recomendarán actividades de ampliación para aqueles/as alumnos/as que as precisen. Deste xeito orientaranse cara a elaboración de pequenos traballos de investigación (sobre aspectos relativos as unidades didácticas explicadas na clase, tales como contaminación ambiental, recursos enerxéticos...)

En caso de ser precisas medidas extraordinarias, coma adaptacións curriculares, aplicaríanse sempre cunha estreita coordinación co departamento de Orientación do centro para garantir unha adaptación máxima as necesidades do discente.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión de lectura.	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.		X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.			X
ET.4 - Competencia dixital.	X		X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial.	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico.		X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores.	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero.	X	X	X
ET.9 - Creatividade.	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.10 - Evitar os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.	X	X	X
ET.11 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable.	X	X	X
ET.12 - Prevención e resolución pacífica de conflitos.	X	X	X

Observacións:

Segundo se recolle no decreto que regula a implantación da Educación Secundaria Obrigatoria, os elementos transversais deberán tratarse en todas as materias do curso. Recollemos neste listado todos os que son obrigatorios e tamén os que consideramos esenciais para a materia e a formación do noso alumnado. Deberemos telos en conta á hora de seleccionar os materiais cos que se traballará, sexa en formato texto, imaxes ou contidos audiovisuais. Tamén no deseño das actividades que o alumnado porá en práctica, na organización dos equipos de traballo, na orientación dos debates que xurdan, etc. Algunhas concrecións dos elementos transversais citados son as seguintes:

- Na educación para a igualdade de xénero, evitanse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.
- En canto ao emprendemento social e empresarial e á creatividade, trataremos de afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico, así como as entregas de tarefas en prazo e forma.
- Na cooperación entre iguais e a prevención e resolución de conflitos, fomentaranse os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e polo Estado de dereito, e o rexeitamento da violencia terrorista ou calquera outro tipo de violencia.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Elaboración do fanzine 'Anacos'	Xunto co alumnado de 1º de ESO do centro e alumnas/os voluntarios doutros cursos editarase e autopublicarase un pequeno fanzine que conmemore a diversidade do centro.			
Taller de grabado	Durante a semana cultural do centro realizarase un obradoiro de elaboración de grabados en linóleo.			
'Pintando polo patio'	Durante a semana cultural do centro o alumnado realizará, en interdisciplinabilidade co departamento de educación física, pinturas sobre zonas do patio para a habilitación de tableros ou pistas de xogos tradicionais.			

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Valoración dos diferentes tipos de actividades como ferramentas de aprendizaxe.
Nivel de conformidade coa atención coa atención do docente ás dubidas particulares.
Valoración da adecuación do nivel de dificultade das actividades ao alumnado.
As actividades previstas permitiron establecer unha graduación na introdución de contidos.
Nivel de variedade das actividades.
Nivel de aplicación á vida real dos contidos tratados nas clases.
Valoración do emprego de tecnoloxías na aula.

Descrición:

Farase unha avaliación da propia práctica docente a partires da información aportada polo alumnado a través duns cuestionarios deseñados polo docente, que os alumnos cumprimentarán de xeito anónimo. Contrastarase a información obtida cunha análise persoal dos mesmos indicadores de logro mediante unha escala de estimación.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

De xeito periódico, analizarase o grao de avance da materia, en relación coa programación, así como diversos cambios propostos para adaptarse ás necesidades educativas da aula. Cada avaliación revisarase o seguimento adecuado da programación didáctica, sobre todo analizando os resultados obtidos polo alumnado na avaliación. Por outra banda, na memoria fin de curso, reflectiranse os contidos impartidos, cambios propostos para sucesivos cursos ou problemas o poñer en práctica o acordado nela Ademais o docente tamén cubrirá unha escala de estimación incluíndo os seguintes indicadores de logro:

- 1.- Deseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo.
- 2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos.
- 3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e temporalización.
- 4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación.
- 5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista.
- 6.- Secuenciáronse os criterios de avaliación para cada unha das unidades/temas.
- 7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada criterio de avaliación para superar a materia.
- 8.- Asignouse a cada criterio de avaliación o peso correspondente na cualificación.
- 9.- Vinculouse cada criterio de avaliación a un/varios instrumentos para a súa avaliación.
- 10.- Asociouse con cada criterio de avaliación os temas transversais a desenvolver.
- 11.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula.
- 12.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados.
- 13.- O libro de texto dixital é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado.
- 14.- Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma.
- 15.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos criterio de avaliación.
- 16.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.
- 17.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación.
- 18.- Fixáronse criterios para a avaliación final.
- 19.- Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes.
- 20.- Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes.
- 21.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada criterio de avaliacion.

- 22.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos criterios de avaliación..
- 23.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.
- 24.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas.
- 25.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación e instrumentos.
- 26.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción.
- 27.- Seguiuuse e revisouse a programación ao longo do curso.
- 28.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro.
- 29.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia

Desta forma deberemos revisar a nosa actuación nos apartados nos que se obteña unha valoración máis baixa para ir mellorando a intervención educativa e os logros do alumnado. No caso de detectar algún desfase intentarán adecuarse os tempos para intentar corrixilo. Por exemplo se o avance de unidades foi demasiado lento poderá alterarse a forma de traballar e avaliar algún contido.

Cabe sinalar que o presente documento debe entenderse como algo flexible e aberto, unha guía de traballo que tentará adaptarse á realidade da aula, xa que permitirá incorporar modificacións sobre a marcha do curso e facer os axustes precisos coa finalidade de mellorar e optimizar a calidade do proceso de ensino- aprendizaxe.

9. Outros apartados

1. Accións de contribución ao proxecto lector

Fomentárase a lectura entre o alumnado a través das seguintes accións: -

- Traballárase a lectura de imaxes (análise e interpretación) de forma curricular durante todo o curso.
- Nalgunhas sesións traballaremos en base a textos de diversa índole (xornalísticos, narrativos, etc.) , xa sexa para desenvolver as destrezas de análise e pensamento crítico en relación coas artes e o deseño ou como fonte de inspiración para a realización de diversos proxectos.
- Velarase polo cumprimento da Hora de Ler, respectándoa cando coincida no tempo da materia.

2. Accións de contribución ao plan dixital

- Fomentar que o alumnado empregue as novas tecnoloxías na realización de traballos, presentacións e edición dixital de imaxes.
- Actualizar a páxina web do departamento, dentro da páxina web do instituto.
- Elaborar, na medida do posible, artigos para a publicación na revista dixital do instituto.
- Elaborar fichas de traballo e utilización de aulas virtuais.
- Empregar de xeito regular equipamento TIC para navegar por Internet así como para explicar os contidos de diversas unidades.
- Visualizar vídeos e/ou DVD's na aula relacionados coa programación desenvolvida.
- Utilizar nos ultraportátiles do alumnado proporcionados polo proxecto E-Dixgal as aplicacións de software libre para a realización de actividades.

3. Accións de contribución ao plan de convivencia

O plan de convivencia ten como obxectivo garantir un ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación. Os tipos de conflitos que se dan con máis frecuencia son: alteración na aula, distraccións e falta de atención, non facer as tarefas encomendadas e faltas de respecto entre iguais e/ou a profesorado.

Para evitalos, é importante que o alumnado coñeza claramente as NOF.

Manterase unha clase motivada e atenta, prestando especial atención ó alumnado con NEAE. Traballárase estreitamente co departamento de orientación e con xefatura de estudos. Favoreceranse actividades interdepartamentais facilitadoras da convivencia. Ademais resultará importante manter un contacto fluído coas familias quedando a súa disposición co fin de mantelos debidamente informados de calquera problema ou situación relevante.